

CALENDARIO 2017



2017, ANO DE MARUXA MALLO

A Ana María Gómez González, coñecida como Maruxa Mallo, dedica a Real Academia de Belas Artes o Día das Artes Galegas 2017.

Nada en Viveiro en 1902, con 20 anos, trasladouse a Madrid para estudar na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, sendo "a única señorita aprobada". En Madrid entra en contacto con artistas, escritores e cineastas como Salvador Dalí, Federico García Lorca, Margarita Manso, Luis Buñuel, María Zambrano ou Rafael Alberti; traballa para numerosas publicacións literarias como "La Gaceta Literaria", "El Almanaque Literario" ou "Revista de Occidente"; realiza as portadas de varios libros e organizada por Ortega y Gasset nos Salóns da Revista de Occidente fai, en 1928, a súa primeira exposición. Unha bolsa de Ampliación de Estudios permitiulle ir a París en 1932, onde entra en contacto coas vangardas artísticas europeas e moi especialmente co surrealismo. Ao seu regreso, moi comprometida coa Segunda República, o golpe militar fascista sorpréndea en Galiza, a onde viaxa coas Misións Pedagóxicas, e aquí permanece agochada até que logra fuxir a Portugal e alí con axuda de Gabriela Mistral, embaixadora de Chile en Lisboa, consegue viaxar até América en febreiro de 1937.

Maruxa Mallo foi un espírito valente e rebelde capaz de saltar moitas barreiras tanto na súa vida como na súa obra de grande exuberancia creadora, sempre na vangarda máis anovadora.

Maruxa Mallo, morre en Madrid aos 93 anos.

CASTELAO

O 7 de xaneiro de 1950 morre en Bos Aires Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, unha das figuras de máis relevancia da Galiza do século XX. Participou nas Irmandades da Fala, director artístico de Nós, membro do Seminario de Estudos Galegos, colaborador en A Nosa Terra, investigador, conferenciante, articulista, pintor, debuxante, escritor... A principios dos anos 30 convértese na figura pública do nacionalismo galego. Membro fundador do Partido Galeguista, o seu traballo foi decisivo na unificación e consolidación do nacionalismo galego e na promoción do Estatuto de Autonomía. A súa principal obra política é Sempre en Galiza.



“ Irmáns: Fuxide sempre dos parvos. Non vos arrimedes a eles, porque poden roubarvos algo da vosa razón e transmitirvos a súa parvada. Deixádeos, falar, danzar e medrar no seu mundo. E se algún parvo chega a ser autoridade non mostredes asombro, porque son cousas do sistema que combatemos e dos tempos en que nos cadrou vivir.”

XANEIRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

ROSALÍA

O 24 de febreiro de 1837 nace en Santiago de Compostela Rosalía de Castro, figura fundacional na nosa literatura e unha das voces literarias máis relevante nas letras europeas do século XIX. *Cantares gallegos* é o seu primeiro libro publicado integramente en galego. Aquí queda plasmada a reclamación dos dereitos do pobo como colectividade, a súa dignificación e a denuncia das inxustizas que padece. Follas novas ocupa un lugar de privilexio na obra rosaliana e é unha das grandes obras da literatura galega de todos os tempos.



“*Probe Galicia, non debes chamarte nunca española, que España de ti se olvida cando eres, ¡ai!, tan hermosa*”

FEBREIRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26*
27	28					

*antroido

PONDAL

Eduardo María González-Pondal Abente (1835-1917). O 8 de marzo de 1917 morre Eduardo María González-Pondal Abente, unha das máximas figuras, xunto con Rosalía de Castro e Curros Enríquez, do “Rexurdimento”. Pondal contactou co hipotético pasado celta da Galiza na tertulia da Librería Carré, alcumada “Cova Céltica”, e asumirá o papel de “bardo” da nación galega. O seu poema “Os pinos” conformará o himno Galego, ao que Pascual Veiga lle porá música. Falece na Coruña e repousa no cemiterio de Santo Amaro.



“Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso rouco son,
mais só os iñorantes
e férridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non ”

MARZO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

REVOLUCIÓN DE 1846

O 2 de abril de 1846 o batallón mandado polo comandante Solís levantouse na cidade de Lugo contra o goberno ditatorial que instaurara en Madrid o xeneral conservador Narváez. A revolución de 1846 tivo dous eixos reivindicativos, cuestionar o goberno de Narváez e recobrar a unidade territorial de Galiza porque se entendía que era unha colonia da Corte. O manifesto da Xunta Superior de Galiza, escrito por Antolín Faraldo e publicado o día 20 de Abril no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dicía:



“O pobo conquistará nesta revolución o que lle arrebataron os cómicos dos pronunciamentos: pan e dereitos, Galiza, arrastrando até aquí unha existencia oprobiosa, convertida nunha verdadeira colonia da corte, vai a erguerse da súa humillación e abatemento.”

ABRIL

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

IRMANDADES DA FALA

O 18 de maio de 1916 xorde na cidade da Coruña a primeira Irmandade dos Amigos da Fala. Nesa xuntanza, convocada por Antón Vilar Ponte, acordouse a creación dunha Irmandade que tería como obxectivo a defensa, exaltación e fomento da lingua de Galiza. Nace así a primeira iniciativa consciente de normalización do idioma galego. Axiña se foron creando outras: Santiago, Monforte, Vilalba, Ferrol, Vigo, Lugo, Ourense, Madrid, A Habana... A nova asociación crea como voceiro o semanario “A Nosa Terra”.



“O noso era un movemento de reconstrución da Nosa Patria en todas as ordes e polo tanto era un movemento político, esencialmente político xa que un dos primeiros e máis principais puntos a resolver era o da nosa liberdade política.”

MAIO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

1º REPÚBLICA GALEGA

O 27 de xuño de 1931 proclámase a Primeira República Galega. Un grupo de activistas declaran que a solución para os problemas de Galiza non pasa por integrarse nunha República Española senón por conseguir a creación da I República Galega ao consideraren que ningunha solución aos problemas do país viría da man do Estado



español, adoptase este a forma que adoptase. Ese 27 de xuño de 1931, unha maré toma o Pazo de Raxoi e Alonso Ríos é nomeado presidente da Xunta Revolucionaria da República Galega, mais a escasa implicación cidadá noutras capitais e vilas do pais rematou por provocar a caída da Xunta revolucionaria.

“Galiza demostra ben as claras que está en pé en aberta revolución para recabar a súa liberdade a súa autonomía e a súa independencia absoluta. Cidadáns neste momento non nos interesa a república federal española se non a República Galega...”

XUÑO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

MÍTIN DAS ARENGAS

Na noite da véspera do 25 de xullo de 1934, celébrase o Mitin das Arengas na Praza da Quintana. Foran as Irmandades da Fala quen organizaron o primeiro Día de Galiza en 1920. O Mitin das Arengas xuntaba en Compostela os nacionalistas de toda Galiza, iniciábase coa intervención dos dirixentes do nacionalismo e daba remate cunha manifestación que tiña como final a estatua a Rosalía na Ferradura. Neste 1934 unha muller sobe á tribuna de oradores, é Emilia Docet Ríos que comparte tribuna, entre outros, con Castelao, Bóveda, Ánxel Casal, Otero Pedrayo, Paz Andrade, Suárez Picallo, LUGRÍS Freire e Vilar Ponte. O acto foi duramente criticado na prensa da época polo seu carácter antiespañol.



🔴🔴 *Cando ía falar o irmán Suárez Picallo a campá da Torre do Reloxo deita tamén a súa arenga de doce campanadas anunciando que remata o Día da Terra 🍷🍷*

XULLO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

DÍA DA GALIZA MÁRTIR

Foi no exilio en Bos Aires onde a Irmandade Galega institúe o 17 de agosto como Día da Galiza Mártir. Castelao inmortalizou simbolicamente no seu álbum Galicia Mártir a todas as vítimas da represión fascista en Galiza durante a Guerra. A máis representativa delas, a quen Castelao dedicou o seu testamento político, o libro Sempre en Galiza e a quen considerou o símbolo de todas as vítimas no seu discurso Alba de Groria, foi Alexandre Bóveda, dirixente do Partido Galeguista asasinado na Caeira o 17 de Agosto de 1936.




“... estarei sempre con vós como che prometín. Faltan uns minutos e teño valor, por vós, pola Terra, por todos.”

AGOSTO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

RECOÑECIMENTO DE GALIZA COMO NACIÓN

O 18 de setembro 1933 Galiza é recoñecida como nación no IX Congreso das Minorías Nacionais de Europa organizado pola Sociedade de Nacións e celebrado na cidade de Berna. Na declaración presentada ao congreso proclamábase que Galiza é unha nación ben definida, e reivindicaba o dereito innegable do pobo galego a dispor de si mesmo.



“ Calquera que sexa o réxime político en que Galiza viva, a nosa terra, autónoma ou non, está xa proclamada moralmente como unha nación (Plácido Castro) ”

SETEMBRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

O 12 de outubro de 1923 estudantes e profesores da Universidade de Santiago de Compostela fundan na casa de Rosalía de Castro en Ortoño o Seminario de Estudos Galegos. O Seminario estruturouse en varias seccións dirixidas por cadanseu coordinador: Filoloxía, Arte e Letras, Etnografía, Historia, Prehistoria, Xeografía, Historia da Arte, Historia



da Literatura, Pedagogía, Ciencias Aplicadas, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas. Unha empresa xigantesca coa que acabaría, de xeito dramático, o golpe de xullo do 36.


“Tal día como o doce de outono de 1923, ben cediño, nove rapaces saíamos co abrente cara as terras da Amahía pra firmar na Casa do Castro de Ortoño, onde se criara a nosa Rosalía, a acta fundacional do Seminario: Fermín Bouza Brey, Wenceslao Requejo Bouet, Xosé Pena e Pena, Lois Tobío Fernández, Ramón Martínez López, Manoel Magariños Negreira, Francisco Romero de Lema, Alberte Vidán Freiría e máis eu (Filgueira Valverde).”

OUTUBRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

MÁRTIRES DE SOBREDO

O 28 de novembro de 1922 tres persoas foron asasinados. No mes de Xullo de 1922 desenvolveríase o Congreso Rexional Agrario de Tui onde se decide oporse ao pagamento dos foros. Catro meses despois uns dous mil labregos e labregas, convocadas a golpe de badaladas e de foguetes, solidarizaríanse en Sobredo, parroquia de Guillarei (Tui), cun veciño que se negaba a pagar os foros, arengando en favor de “A terra para quen a traballaba”. Enviada a Garda Civil como forza de choque Cándida Rodríguez, Joaquín



Estévez e Venancio González caerían asasinados. O poeta Ramón Cabanillas escribiría, lembrando o acontecido na súa obra 'Da Terra Asoballada':

👉👉 *Irmáns: erguede o berro;*

de amor e santidade.

Galiza é Liberdade

do traballo e o chan.👉👉

NOVEMBRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

PARTIDO GALEGUISTA

O 6 de decembro de 1931 fúndase o Partido Galeguista. Na VII Asemblea Nacionalista celebrada durante o 5 e 6 de decembro en Pontevedra acórdase a creación dun partido político que aglutinase o galeguismo. Constitúese deste xeito o Partido Galeguista e disolvéndose nel as Irmandades da Fala. Nesta histórica asemblea de constitución acórdase reclamar por vez primeira na historia de Galiza o dereito de autodeterminación e márcase como primeiro obxectivo político do partido a redacción dun Estatuto de Autonomía.



“ Os grupos políticos representados nesta Asemblea reúnen-se de agora en diante baixo a disciplina e o título de Partido Galeguista e acordan invitar os demais agrupamentos que coincidan co seu programa en facelo así ”

DECEMBRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31



Agrupación Cultural Alexandre Bóveda

981 200 869

Correo electrónico: acab@mundo-r.com



<https://twitter.com/ACBoveda>



<https://www.facebook.com/a.c.alexandre.boveda>



Asociación socio-pedagoxica galega

981278259

<http://www.as-pg.gal/>

Correo electrónico: informacion@as-pg.com



<https://www.facebook.com/asociacion.galega>